

### 5.3.Sistemas de cualificación:

Os procedementos utilizados serán a observación do traballo diario, a resolución de exercicios, a realización de controis , e a conduta e o comportamento adoptados polo alumno.

### 5.4.Procedementos e instrumentos de avaliación:

Área / Materia	Instrumentos de avaliación	Pesos	Observacións
FRANCÉS 1º, 2º,3º,4º DE ESO	Probas escritas /orais:	30%	Todo tipo de probas que inclúan vocabulario, gramática. Probas sobre comprensión lectora en base aos textos de lectura graduadas que se traballen na clase.
	Preguntas clase /atención:	30%	Participación individual durante a clase aportando orixinalidade e iniciativa persoal sabendo respectar a intervención do resto do grupo
	Caderno clase /deberes:	30%	Caderno y libro de actividades. Inclúe a presentación e realización regular das actividades. A adecuada anotación do vocabulario novo e dos apuntes gramaticais, o correcto seguimento das pautas pedidas polo profesor na realización das actividades do libro do alumno.
	Actitude	10 %	Actitude positiva cara á materia e bo comportamento na aula.

Ao remate do curso, non se considerará apto ningún alumno que mostrase abandono da materia nunha ou máis avaliacións, é dicir, non traer material nin deberes, non atender nin seguir a clase, entrega de exames en branco, actitude pasiva ou negativa.

A proba de setembro será escrita e as preguntas versarán sobre vocabulario, gramática, comunicación, comprensión lectora e expresión escrita. Valorarase de forma conxunta a proba.

### 5.5.Motivos para a perda do dereito á avaliación continua:

Os alumnos de ESO poderán perder o dereito á avaliación continua se faltan a clase inxustificadamente (ao longo do curso). De darse este suposto, o alumno absentista terá dereito a un exame final, que realizará o departamento por cursos. O número máximo de faltas que un alumno poderá ter, segundo o curso, é o seguinte (se chega a este límite perderá o dereito á avaliación continua)

### 5.6.Programas de recuperación:

#### 5.6.1. Materia durante o curso:

Reforzase a adquisición de contidos mediante a realización de exercicios e, levando a cabo un maior seguimento da marcha do alumno.

Criterios de avaliación:

70% evolución e desenvolvemento do alumno na materia pendente.

30% controis.

#### 5.6.2. Materias pendentes doutros cursos:

Recuperarán a materia de 1º curso os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na primeira avaliación de 2º curso.

Recuperarán a materia de 2º curso os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na primeira avaliación de 3º curso

Recuperarán a materia de 3º curso os alumnos que obteñan unha cualificación positiva na primeira avaliación de 4º curso.

En caso contrario, seranlles facilitados exercicios para reforzo e preparación da materia, da que serán avaliados nas datas que marque a Xunta.

Criterios de avaliación:

70% exercicios.

30% controis.

#### 5.6.3. Probas extraordinarias:

As probas extraordinarias da ESO consistirán na realización dunha proba obxectiva (para todos os cursos) que partirá dos contidos mínimos, previstos nesta programación, para cada curso. Os devanditos contidos expóranse, coa suficiente antelación, nos taboleiros de anuncios do Centro.